

**CONCELLO
DE VIGO**



Axenda *Imaxina Sons'15*

LUNS 29 DE XUÑO

11:00 h. Academia de Sons. Obradoiro "Improvisando". Impartido por L.A.R. Legido. *Salón de actos do MARCO. Previa inscrición*

21:00 h. LAR Legido. Performance sonora para batería e formigoneira. MARCO.. *Entrada: 3 euros*

L.A.R. Legido trae a Imaxina Sons a súa performance sonora para batería e formigoneira

Comezan o luns 29 de xuño os concertos do 11º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons no Museo de Arte Contemporánea (MARCO). E fano con L.A.R. Legido, sempre sorprendente na súa procura de son. O músico trae a Imaxina Sons a súa performance sonora para batería e formigoneira. O concerto será ás 20:30h cunha entrada de 3 euros. Pola mañán arranca ademais a Academia de Sons, tamén no MARCO, cun obradoiro impartido polo batería co título "Improvisando", coas prazas xa completas. As actividades da Academia de Sons continúan até o venres 3 de xullo en sesións matutinas.

Baterista, investigador sonoro, performer, L.A.R. Legido é un dos referentes de improvisación libre, non só en Galicia, senón en toda a península. Integrante de Sumrrá, grupo clave no panorama jazzístico de Galicia na última década, o batería focaliza o seu traballo na improvisación, movemento do que foi pioneiro no país onde en 1999 funda o grupo Parto, ao que seguiría a invención sonora do Aquófono (ao redor da auga e son continua a investigar hoxendia) e proxectos tan relevantes como a Orquesta de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A).

No campo da docencia, L.A.R. Legido é profesor de batería, expresión rítmica e improvisación na Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela, cidade na que reside. Ao longo da súa carreira abordou diversos estilos musicais, da improvisación libre ao jazz, do folk ao flamenco. Participou en festivais de todo o mundo e, entre as súas obras máis performáticas, destaca o seu concerto-performance Tractor e Batería e a Ópera-Free de Peto "La Bámbole Malata".

**CONCELLO
DE VIGO**



Arranca a Academia de Sons

Unha sesión práctica ao redor da improvisación, obradoiros para construír circuítos sonoros, plantas que fan música e instrumentos de reciclaxe para unha orquestra así como un taller de stop motion do que sairá un videoclip de plastilina realizado por nenas e nenos. Estas son as propostas da Academia de Sons, o programa de actividades que o 11º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*, promovido polo concello, pon en marcha para públicos diversos de todas as idades.

No terceiro ano de Academia de Sons, o 11º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* afonda, por unha banda, na vertente formativa e, por outra, na procura de novos públicos. No MARCO concéntrase unha semana de actividades nas que divertirse, aprender, construír e relacionarse. Un convite á interacción entre xeracións convidando a pequenos e maiores a experimentar ao redor da música e do jazz. **As prazas son limitadas, así que podes inscribirte a partir do 22 de xuño no teléfono 010.**

A Academia abrirá as súas portas o luns 29 de xuño ás 11h. co obradoiro "Improvisando" que impartirá o batería L.A.R. Legido, referente da escena galega de improvisación musical. Está dirixido a estudantes, músicos e persoas iniciadas nalgún instrumento. Este taller xa ten as prazas completas.

A Academia de Sons aproveita a presenza de artistas experimentais no festival para convidalos a que impartan obradoiros en sesión matutina. É o caso da artista e investigadora sonora Eli Gras que imparte o obradoiro "Sonobotánica. As plantas tamén soan" o martes 30 de xuño animando a participación de maiores e pequenos. Ao día seguinte, dará un concerto tamén no MARCO.

Unha sesión de stop motion impartida por Illa Bufarda polo que nenas e nenos animarán un videoclip de plastilina ao redor do jazz (mércores 1 xullo); un taller con Çe Orquestra Pantasma (xoves 2 xullo) que ensinará aos aspirantes a nenas e nenos orquestra a fabricar os seus propios sons e un obradoiro de construción de circuítos sonoros impartido por Mateo Mena (venres 3 xullo) completan a oferta da Academia de Sons. Unha oferta ao redor da creación e da diversión que abrangue todas as idades. As prazas son limitadas e os obradoiros son gratuítos.

Venda de entradas:

www.ataquilla.com / 902 504 500

Central de Espectáculos (Velázquez Moreno, 26)

Concertos de pagamento

-Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión

-Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

**CONCELLO
DE VIGO**



Venda de entradas no mesmo día dos concertos

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Máis información:

www.imaxinasons.com / www.vigocultura.org